

PLAN ALIMENTARIO

2014- 2022



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



Fundación Biodiversidad



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



FEADER
Europa inviste
no rural



INDICE

PRÓLOGO	2
POR QUE UN PLAN ALIMENTARIO LOCAL NA RESERVA DE BIOSFERA?	4
QUE É UN SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL SOSTIBLE?	10
BENEFICIOS DUN SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL SOSTIBLE	11
PRINCIPIOS	12
OBXECTIVOS	13
UN PLAN ALIMENTARIO FROITO DO CONSENSO DOS AXENTES DO TERRITORIO.....	15
PROCESO DE PARTICIPACIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ALIMENTARIO	16
ACCIÓN PRIORITARIA 1. FOMENTO DA PRODUCCIÓN E TRANSFORMACIÓN AGROECOLÓXICA.....	19
Obxectivo 1. Fomentar o emprendemento agroecolóxico	19
Obxectivo 2: Favorecer a mobilidade de terras e o acceso a estruturas produtivas.....	24
Obxectivo 3. Fomentar o uso de variedades e razas autóctonas	28
Obxectivo 4. Mellora da capacidade de transformación das producións locais.....	30
ACCIÓN PRIORITARIA 2. FOMENTAR O CONSUMO DE ALIMENTOS LOCAIS	34
Obxectivo 5. Promover os produtos da Reserva de Biosfera	35
Obxectivo 6. Dinamizar as canles curtas de comercialización mediante acordos de distribución	41
Obxectivo 7. Mellora da loxística de distribución dos pequenos produtores locais	43
ACCIÓN PRIORITARIA 3. MELLORAR A GOBERNANZA NO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL.....	45
Obxectivo 8. Eliminar as barreiras políticas obstáculo ao desenvolvemento dun sistema alimentario local sostible.....	45
Obxectivo 9 Fortalecer o Asociacionismo e cooperativismo no sistema alimentario local	47
ACCIÓN PRIORITARIA 4. CONCIENCIACIÓN DA SOCIEDADE SOBRE OS BENEFICIOS DOS SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCAIS.....	49
Obxectivo 10. Divulgación dos beneficios dos sistemas alimentarios locais	50
Obxectivo 11. Promover a participación cidadá na preservación da biodiversidade agraria e a produción ecolóxica	51
ACCIÓN PRIORITARIA 5: INNOVACIÓN NO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL.....	53
Obxectivo 12. Posta en marcha de proxectos de innovación e colaboración entre axentes, centros de investigación e institucións locais e territoriais.	54
ANEXO: AXENTES PARTICIPANTES	56

O Plan Alimentario 2014- 2022 da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” foi elaborado gracias á participación dos axentes de territorio co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente e o Programa LEADER.

ABEGONDO (A CORUÑA), 23 DE XULLO DE 2015



POR QUE UN PLAN ALIMENTARIO LOCAL NA RESERVA DE BIOSFERA?

Un territorio de gran tradición na produción agraria local

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (RB MCeTM) conta cun 25% da súa superficie ocupada con cultivos e prado¹ destinados principalmente á obtención de viño, cereais, hortalizas ou froitas. Historicamente, os concellos da Reserva de Biosfera eran coñecidos como “a horta” da cidade da Coruña, pois a calidade dos solos e o clima temperado con influencia mariña e temperatura media anual de 13°C, xunto a unhas precipitacións moderadas condicionaron a orientación do agro cara a estas producións agrarias.

No territorio sempre existiron cultivos con variedades tradicionais, chegando ata nós os tomates *Negro de Santiago*, *Avoa de Osedo*; a cebola e o repolo de

Betanzos, a pataca *Fina de Carballo*, variedades de trigo autóctono (trigo do país) ou o pemento *Grande do Couto*, entre outros. A viticultura ten tamén presenza, onde ademais de conservar variedades históricas tradicionais coma o *Branco Lexítimo* ou o *Agudelo*, existe unha Indicación Xeográfica Protexida (IXP) *Viño da Terra de Betanzos*. Outros cultivos que van gañando importancia económica son o lúpulo, as castañas e as maceiras. Dentro das producións animais caracterízase pola presenza dominante do vacún de leite, e en menor medida o de carne, sobre todo nos concellos de Curtis, Sobrado, Aranga e Oza - Cesuras, ademais dun sector de produción porcina intensiva concentrado principalmente en Abegondo. Entre os produtos alimentarios de primeira transformación destacan os queixos, as marmeladas, os xeados ecolóxicos ou a froita deshidratada.

¹ Anuario de estadística agrario 2012 (Datos provisionais). Consellería do Medio Rural e do Mar. Xunta de Galicia.

A declaración das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo como Reserva de Biosfera, brinda a oportunidade de fomentar as prácticas agrarias sostibles que permitan obter produtos de mellor calidade mellorando simultaneamente a conservación da biodiversidade.

O impulso á creación de emprego “verde”, a partir de producións agroalimentarias sostibles é unha das apostas máis claras da Reserva de Biosfera.

A Reserva de Biosfera

“Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”

En maio de 2013, o territorio de Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo é declarado dentro do Programa MaB da UNESCO como Reserva de Biosfera.

Ocupa un total de 116.724 ha, o que representa o 14,33 % da superficie da provincia de A Coruña, repartidas en 17 concellos, cunha poboación próxima aos 190.000 habitantes.

Este recoñecemento supón para o territorio destacarse como un lugar de experimentación de prácticas innovadoras para conciliar a actividade humana e a conservación do medio ambiente, abrindo novas oportunidades para traballar no fomento da sustentabilidade, contribuíndo a reducir a perda da biodiversidade e conciliando aspectos ecolóxicos, sociais e económicos. Deste xeito, ademais das oportunidades ligadas á conservación ambiental e dos recursos naturais, perséguese como obxectivo o desenvolvemento socioeconómico respectuoso co medio. A declaración do territorio como Reserva da Biosfera supón a existencia dun Plan de Xestión (2013-2022) cuxa finalidade é establecer as liñas de actuación concretas.



Un sector agroalimentario moi globalizado e insostible

A gran maioría das producións locais teñen dificultades para facerse un oco no mercado local, sobre todo no caso dos pequenos produtores/transformadores, cando non obstante, a gran poboación existente -cerca de 440.000 habitantes considerando a cidade de A Coruña, - supón unha gran oportunidade para a comercialización de produtos alimentarios da Reserva de Biosfera. A posta en valor destas producións de calidade a través dun distintivo ou marca de “Produto de Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” permitirá facer chegar os principios da Reserva de Biosfera á poboación.



Principais ameazas do sector agroalimentario no territorio:

1. Escasa mobilización de terras: minifundismo, elevado número de propietarios descoñecidos, elevada competencia do uso forestal fronte ao agrario
2. Dificultades á hora de atopar sementes e plántulas ecolóxicas e de variedades locais
3. Dificultade para incorporar novos activos do sector agrario: falta de financiamento
4. Producións maioritarias de leite e porcino cun baixo nivel de integración no mercado local
5. Dificultade das tendas locais de dispoñer de produto local
6. Dificultade dos pequenos produtores para adicar tempo á comercialización
7. Competencia de produtos foráneos pola falta dunha clara identificación de orixe
8. Pequeno número de produtores con certificación ecolóxica e escasa dispoñibilidade de materia prima local para conseguir abastecer a demanda futura
9. Mala sona dos Viños de Betanzos

O sector agroalimentario, clave para a creación de emprego “verde”

A acusada e crecente recesión de parte das actividades económicas con maior peso na comarca (construción, servizos, textil, confección,...) ten provocado un elevado número de persoas desempregadas que, en moitos casos, aínda contan cuns alicerces familiares e laborais vinculados ao sector agrario. Por outra parte, o tradicional abandono de terras con vocación agraria nos últimos anos, unido á desaparición de pequenas e medianas explotacións, levou consigo consecuencias negativas non só desde o punto de vista da produtividade agraria senón tamén en relación co medio ambiente e a biodiversidade.

O territorio da Reserva da Biosfera presenta unha enorme potencialidade para o desenvolvemento dunha estratexia alimentaria, que estimule a produción, transformación e consumo de produtos locais, mediante a identificación e uso de canles curtas de comercialización (coa posibilidade da súa posta en valor a través da futura Marca de Calidade) , facendo especial fincapé no mercado de proximidade.

Fomentar un sistema alimentario local máis sostible é o obxectivo final da estratexia alimentaria que presentamos neste documento.

O papel da agroecoloxía no territorio

En Galicia, o CRAEGA (Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia) é o órgano encargado do control e certificación das producións ecolóxicas. Na actualidade na Reserva de Biosfera existen nove produtores de horta ecolóxica (considerando tamén os produtores en proceso de conversión para a certificación polo CRAEGA).



A superficie de terra adicada á produción de horta ecolóxica sitúase nos 123.000 m² (11.800 m² baixo cuberta e o resto ao aire libre.).

No “Estudo de Mercado de Produtos ecolóxicos e dinamización da produción na área de influencia da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”² , identificouse unha valoración moi positiva por parte dos consumidores dos produtos ecolóxicos. Non entanto, a produción ecolóxica certifica unicamente

² 2013. Documento elaborado pola ADR Mariñas-Betanzos no marco do proxecto de cooperación da Rede Rural Nacional “Territorios rurais comprometidos co cambio climático”. Dispoñible en <http://www.marinasetanzos.com/2013/11/estudo-de-mercado-de-productos.html>

un sistema de produción carente de insumos de sínteses, sen que a orixe supoña un valor engadido. Dedúcese entón que o consumidor se interesa e considera como decisión de compra o lugar de orixe deste tipo de producións. É neste aspecto onde a Reserva de Biosfera MCeTM xoga un papel transcendental, a través dos seus atributos xeográficos, climáticos e humanos que terán o seu reflexo no distintivo “Produto da Reserva de Biosfera” MCeTM .

Como o mercado ecolóxico aínda non é prioritario hai moitos produtos que son difíciles de atopar no mercado de proximidade para conseguir pechar o Sistema Alimentario Local. Ante a demanda dos mesmos acábanse importando doutros lugares, o que fai o consumo menos sustentable e non favorece de igual forma as economías locais.

Tanto no estudo como no desenvolvemento de deseño participativo deste Plan Alimentario recoñecéronse como producións ecolóxicas de maior potencial os produtos de horta e froita, fundamentalmente: o tomate, a cenoria, as fabas, o pemento, a cebola, o grelo, a pataca e a mazá.

Polo tanto, está claro, e así o afirman diferentes axentes do territorio do sector ecolóxico, que a demanda de produtos ecolóxicos galegos está en aumento, sendo as hortalizas un dos produtos cun maior incremento no consumo e con grandes posibilidades para a creación de emprego.

Táboa 1: Operadores ecolóxicos da Reserva de Biosfera

Concellos	Nome	Produto
Abegondo	INGACAL- CIAM	Lúpulo
	La huerta de la Almuzara*	Hortalizas e froiteiras
Aranga	Artexania Mondi	Stevia e loureiro
Arteixo	Gabesa, S.A.	Vinagre
Bergondo	Agreco Galicia, S.L.	Hortalizas
	Helados Gael	Elaboración de xeados
Cambre	Isidro de la Cal Fresco, SL	Troitas e mexillón
	A horta de Ana	Hortalizas
Carral	Cao Rodríguez, Tania	Hortalizas
	Revolta na Horta*	Hortalizas
Curtis	Finca Bouzón, S.C.	Hortalizas
	Casa de Vilarullo, S. L.	Hortalizas
Irixoa	Granxas de Lousada, SC	Porcos, Años, Tenreiros- Hortalizas*
Miño	Casa Pousadoira, S.L.	Hortalizas, Viñedo
Oleiros	A Factoría Ecolóxica, SL	Comercialización industrial de xeados
	O lugar de Vilariño	Hortalizas
	Doblespacio Gestión SL	Viñedo
Oza- Cesuras	La huerta de Antía*	Hortalizas
	Labrecos*	Hortalizas
	Victor Santamaría*	Hortalizas
Paderne	Orballo Innovaciones Forestales	Elaboración e envasado de plantas aromáticas. Ecoaroces
Sobrado	Ares Pintor, José Ángel	Cereais, leguminosas (Centeo, avea, millo, trigo) e ovos
	García Tasenda, Pablo	Ovos

Fonte: Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia. www.craega.es (2015)

* Operadores ecolóxicos en proceso de conversión para a certificación polo CRAEGA no momento de redacción do documento.

QUE É UN SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL SOSTIBLE?

O termo Sistema Alimentario Local³ utilízase para describir un método de produción e distribución que está xeograficamente localizado. A produción ten lugar preto dos fogares dos consumidores, polo que a distribución se leva a cabo en distancias moito máis curtas que as canles convencionais de distribución industrial a nivel global.

Un Sistema Alimentario Local está intimamente ligado co crecemento sustentable, recollido na Estratexia Europa 2020, ao impulsar economías con baixas emisións de carbono, facendo un uso eficiente e sustentable dos recursos, protexendo o medio ambiente mediante a redución de emisións e evitando a perda de biodiversidade, ademais de mellorar o emprendemento e dotar aos consumidores de maior información.



Creación de emprego verde



Produtos da Reserva de Biosfera

³ Martinez, C. et al (2010). Local Food Systems: Concepts, Impacts, and Issues.

BENEFICIOS DUN SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL SOSTIBLE⁴

Desenvolvemento económico local: aumentar a produción e consumo de alimentos locais supón máis emprego.

As canles curtas de comercialización xeran máis emprego local e máis diverso, máis economía local (por cada euro que se inviste nestes sistemas chéganse a xerar máis do dobre de ingresos locais que no sistema globalizado). Os terreos agrarios son economicamente máis rendibles, e a venda en proximidade permite ao produtor – transformador manter unha agricultura e un medio rural vivos.

Saúde e nutrición:

Os beneficios para a saúde e a calidade dos alimentos que comemos, no que se refire á calidade nutricional, son igualmente aplicables a produtos agrícolas que son producidos local ou globalmente. Non obstante, canto máis complexa e longa é a cadea alimentaria maiores son os riscos e menor é o frescor e calidade dos produtos. Os alimentos ecolóxicos son alimentos que non están expostos a substancias de carácter tóxico procedentes dos pesticidas empregados na agricultura convencional. Ademais, a composición

nutricional nos alimentos ecolóxicos é máis equilibrada.

Medioambiente, enerxía e cambio climático⁵:

Algúns dos beneficios ambientais dos sistemas alimentarios locais son a redución de emisión de gases de efecto invernadoiro (o sistema alimentario globalizado representa case a metade das emisións), unha menor demanda enerxética - especificamente a enerxía fósil (a base do sistema alimentario globalizado é o petróleo necesario para fertilizantes, praguicidas, mecanización, transporte ou envasado) -, unha menor contaminación (a principal industria contaminante a escala europea é a alimentaria) e o freo á alarmante perda de biodiversidade agrícola.

Soberanía alimentaria:


As canles curtas de comercialización teñen unha maior capacidade para potenciar o coñecemento directo entre produtores, elaboradores, consumidores e outros actores que interveñen na cadea alimentaria. Poden converterse nunha ponte entre a actividade económica local e o tecido asociativo.

⁴ Dictamen sobre “Sistemas de alimentos locais” (DOC C 104, de 2 de abril de 2011). Comité de las Regiones

⁵ Compra pública en sistemas alimentarios locales, impactos sociales, ambientales y económicos. (2013). VSF. Justicia Alimentaria Global

PRINCIPIOS

- ✦ **Agroecoloxía e producións con variedades locais:** cremos nos principios da soberanía alimentaria, isto é, a posibilidade dos habitantes do territorio de poder producir e consumir alimentos locais e ecolóxicos, favorecendo así o desenvolvemento dunha economía local circular xeradora de emprego e respectuosa co medio.
- ✦ **Mellora do acceso á terra:** Cremos en que a mobilización de terras abandonadas para o cultivo agroecolóxico é básico para contribuír á conservación da biodiversidade cultivada, á loita contra os incendios e á conservación do medio.
- ✦ **Mellorar a identificación e identidade dos habitantes** coa Reserva de Biosfera mediante a posta en valor da calidade diferenciada e o respecto polo ambiente das producións ecolóxicas, a través dun distintivo ou marca “Produto da Reserva de Biosfera”.
- ✦ **Canles curtas de comercialización:** cremos que as producións locais e a súa relación co entorno forman parte da cultura do territorio e polo tanto, deben salvagardarse. A súa diferenciación resulta clave para o consumidor.
- ✦ **Consumo sostible e saúde:** cremos na importancia de educar no valor para a saúde do consumo de alimentos locais, e dos hábitos de vida saudábles
- ✦ **Emprendemento verde:** cremos no desenvolvemento dun sistema alimentario local sostible como base para a xeración de emprego verde no territorio.
- ✦ **Colaboración:** cremos que o éxito do desenvolvemento do sistema alimentario baséase na unión e na creación de redes de colaboración no territorio entre todos os axentes (produtores, consumidores, asociacións, concellos, empresas, restauradores, Asociacións de Nais e Pais, etc).



OBXECTIVOS

- ✦ Deseño dunha estratexia alimentaria, que estimule a produción, transformación e consumo de produtos locais, mediante a identificación e uso de canles curtas de comercialización coa posibilidade da súa posta en valor a través da marca “Produto da Reserva de Biosfera”.
- ✦ Definir un marco xeral de actuación para os próximos anos a través dunha serie de estratexias e medidas encamiñadas a mellorar a sostibilidade do sistema alimentario local, mellorando a vinculación e identidade dos habitantes co seu territorio mediante a posta en valor da calidade diferenciada.

✦ Dinamizar os axentes do sistema alimentario mellorando a comunicación e colaboración entre eles mesmos.





Os cociñeiros son axentes clave para a sustentabilidade do sistema alimentario.

Na foto, cociñeiros do CEIP de Curtis elaborando as albóndegas ecolóxicas

Deseño participativo dunha estratexia para o sector agroalimentario baseada na conservación da biodiversidade, o fomento do consumo responsable e o emprego verde.



Participación na elaboración do Plan alimentario

UN PLAN ALIMENTARIO FROITO DO CONSENSO DOS AXENTES DO TERRITORIO

O Plan alimentario constitúese baixo o amparo dos axentes pertencentes ao sistema alimentario, a partir do traballo da Comisión técnica e as Mesas temáticas desde novembro de 2014 a xullo de 2015, cunha visión e uns obxectivos consensuados e compartidos por todos.

A Comisión Técnica Alimentaria está integrada por preto de 40 representantes dos principais axentes do sistema alimentario no territorio (produtores locais, empresas agroalimentarias, distribuidoras, grupos de consumo, asociacións de consumidores, restauradores, técnicos agrarios, centros de investigación, fundacións, etc.). (No anexo pódese consultar os axentes participantes no proceso.)

O 6 de novembro de 2014, data de presentación do proxecto, constituíse a Comisión Técnica do Plan alimentario, cuxa labor estivo centrada na identificación de liñas de acción para o desenvolvemento sostible do Sistema Alimentario Local.

É dicir, identificar, promover, validar e colaborar na implementación de estratexias e iniciativas vinculadas ao mesmo.

Dada a excelente resposta e interese dos axentes do territorio pola participación no proceso, conformáronse grupos temáticos de discusión nos que participaron un número máis reducido de persoas. Esta dinámica de grupo se repitiu en sucesivas xuntanzas os días 2 de decembro de 2014, 19 de marzo e 13 de maio de 2015.

Ao longo de todos os pasos intermedios se ten contado coa participación dos principais actores implicados no territorio, o que deu como resultado un Plan participado e validado polos participantes.

Temática das Mesas de traballo da Comisión Técnica do Plan alimentario

1. Produción Transformación	2. Comercialización en canles curtas	3. Formación, asesoramento e innovación
• Mobilidade terras • Agroecoloxía • Prod. tradicionais	• Marca de calidade • Menús ecolóxicos • Mercado local	• Emprendemento • Formación • Investigación • Financiamento

DIAGNÓSTICO	➤ REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA ➤ ENTREVISTAS de diagnose a axentes do sistema alimentario ➤ Documento de DIAGNOSE DO SISTEMA ALIMENTARIO
PRESENTACIÓN	XORNADA DE LANZAMENTO ➤ Presentación axentes, metodoloxía e validación da diagnose do sistema alimentario e os seus principios
PLAN DE ACCIÓN	CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA DO PLAN DE ACCIÓN CREACIÓN DAS MESAS TEMÁTICAS DE TRABALLO ➤ Acordo de accións concretas ➤ Elaboración de indicadores e cronograma
VALIDACIÓN	➤ Elaboración e presentación do documento final do Plan alimentario ➤ Aprobación do Plan alimentario ➤ Sinatura de compromiso dos axentes cos principios e liñas de acción do Plan alimentario



ACCIÓN PRIORITARIA 1. FOMENTO DA PRODUCCIÓN E TRANSFORMACIÓN AGROECOLÓXICA	
Obxectivo 1. Fomentar o emprendemento agroecolóxico	
1.1.a	Formación para á iniciación da actividade agroecolóxica.
1.1.b	Formación e asesoramento técnico - económico para os emprendedores.
1.1.c	Elaboración dunha guía para a transición e a reconversión ecolóxica.
1.1.d	Formación de formadores e asesores sobre sistemas alimentarios locais e agricultura ecolóxica. Potenciar o aconsellamento e formación específica.
1.1.e	Mellorar a dispoñibilidade de semente e plantóns en ecolóxico
Obxectivo 2. Favorecer a mobilidade de terras e o acceso a estruturas produtivas	
1.2.a	Posta en marcha da Bolsa de Terras da Reserva de Biosfera.
1.2.b	Dinamización de iniciativas e proxectos piloto para o emprendemento verde nas fincas da bolsa de terras.
1.2.c	Establecemento de incentivos fiscais desde os concellos para promover o uso de fincas agrarias e para fomentar a actividade agraria
1.2.d	Creación dunha bolsa de invernadoiros de segunda man.
Obxectivo 3. Fomentar o uso de variedades e razas autóctonas	
1.3.a	Promover a posta en marcha de proxectos de rexistro de variedades locais comerciais
Obxectivo 4. Mellora da capacidade de transformación das producións locais	
1.4.a	Formación e asesoramento para a transformación innovadora das producións locais.
1.4.b	Viveiro para unha industria agroalimentaria
1.4.c	Fomento da reutilización de envases e a venda a granel.
1.4.d	Análise da viabilidade dun matadoiro móbil para aves de curral e coellos.
ACCIÓN PRIORITARIA 2. FOMENTO DO CONSUMO DE ALIMENTOS LOCAIS	
Obxectivo 5. Promover os produtos da Reserva de Biosfera	
2.5.a	Posta en marcha da Marca de “Produtos da Reserva de Biosfera”
2.5.b	Elaboración de guía de produtores - transformadores da Reserva de Biosfera
2.5. c	Posta en marcha da marca “Establecemento da Reserva de Biosfera”
2.5.d	Deseño de rutas agroturísticas, asociadas ás industrias agroalimentarias.
2.5. e	Guía gastronómica da reserva de biosfera: libro de receitas e producións de calidade
2.5. f	Concurso de tapas da Reserva de Biosfera.
Obxectivo 6. Dinamizar as canles curtas de comercialización mediante acordos de distribución	
2.6.a	Programa de biocomedores escolares
2.6.b	Participación en mercados e feiras locais cos produtos locais
Obxectivo 7. Mellora da loxística de distribución dos produtores locais	
2.7.a	Impulso á creación dun centro de acopio e distribución dos produtos da reserva.
2.7. b	Impulso á mellora na distribución de produtos cárnicos ecolóxicos desde o matadoiro.

ACCIÓN PRIORITARIA 3. MELLORAR A GOBERNANZA NO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL	
Obxectivo 8. Eliminar as barreiras políticas obstáculo ao desenvolvemento dun sistema alimentario local sostible	
3.8.a	Impulso á compra pública verde dende os concellos.
3.8.b	Recomendacións de como mellorar a sostibilidade do sistema alimentario local desde as políticas locais
3.8.c	Inclusión das recomendacións do plan alimentario na Candidatura Leader 2014-2020 e noutras liñas de financiamento.
Obxectivo 9. Fortalecer o asociacionismo e cooperativismo no sistema alimentario local	
3.9.a	Formación, asesoramento e apoio para a creación de entidades para mellorar as condicións de acceso ao mercado e aforrar custes.
ACCIÓN PRIORITARIA 4. CONCIENCIACIÓN DA SOCIEDADE SOBRE OS BENEFICIOS DOS SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCAIS	
Obxectivo 10. Divulgar os beneficios dos sistemas alimentarios locais	
4.10. a	Xornadas divulgativas sobre produción ecolóxica, consumo de proximidade, soberanía alimentaria, saúde e medioambiente.
4.10.b	Organización e participación en congresos e cursos de verán.
4.10.c	Guía de boas prácticas - recomendacións para fomentar os sistemas alimentarios locais
4.10.d	Divulgación na páxina web e as redes sociais da Reserva de Biosfera.
Obxectivo 11. Promover a participación cidadá na preservación da biodiversidade agraria e a produción ecolóxica	
4.11. a	Colaboración e dinamización de proxectos de hortas urbanas con fins sociais
ACCIÓN PRIORITARIA 5: REFORZAR A INNOVACIÓN NO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL	
Obxectivo 12. Posta en marcha de proxectos de innovación e colaboración entre axentes, centros de investigación e institucións locais e territoriais.	
5.12.a	Participación dos axentes do sistema alimentario local nas mesas temáticas creadas para dar resposta a temas concretos.
5.12. b	Favorecer a participación da Reserva de Biosfera xunto con outros axentes en proxectos de cooperación europeos ou nacionais sobre sistemas alimentarios locais e emprendemento agrario.



Visita a unha industria láctea

ACCIÓN PRIORITARIA 1. FOMENTO DA PRODUCCIÓN E TRANSFORMACIÓN AGROECOLÓXICA

A declaración das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo como Reserva de Biosfera, brinda a oportunidade de fomentar o emprego “verde”- e dicir, en base a prácticas máis sostibles-, a partir da produción e transformación agroecolóxica.

A Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” é a máis poblada de España, e dispón dun gran centro de consumo na zona de influencia, como é a cidade de A Coruña.

OBXECTIVO 1. FOMENTAR O EMPREDEMENTO AGROECOLÓXICO

O consumo ecolóxico está deixando de ser considerado un sector “alternativo” para erixirse nunha actividade económica forte, con negocio e proxección de futuro e con rendibilidade, o que supón unha oportunidade de creación de emprego no territorio. O Plan Alimentario centra unha parte importante dos seus esforzos no apoio á incorporación de novos activos neste sector.



POR QUE É INTERESANTE A PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA PARA A RESERVA DA BIOSFERA

Porque co cultivo **de terras** para a produción ecolóxica -en moitos casos con variedades locais-, favorécese o control da biomasa e a prevención de lumes, contribuindo a evitar a erosión e conservando as paisaxes agrarias tradicionais, ao tempo que se potencia a biodiversidade agraria.

Porque contribúe á **conservación do ambiente**: a produción sen pesticidas nin fertilizantes de síntese mellora as condicións da auga e do solo do territorio; e por outra banda, ao consumir produtos ecolóxicos locais ou de km “cero” redúcese a pegada ambiental ao tempo que se maximiza a frescura dos produtos cara ao consumidor, mellorando o seu sabor.

Porque a Reserva da Biosfera é un territorio **competitivo** para ás producións hortícolas ecolóxicas.

Porque é tamén unha **produción intensiva en man de obra**, con baixos investimentos iniciais e de rápida rotación, que axudará á creación de emprego directo e indirecto e a consolidar redes económicas a nivel local.



OS PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos leva dende o ano 2011 traballando no fomento da inserción laboral no eido agroalimentario a través dos Programas Integrados para o Emprego impulsados dende a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Deste xeito, proporcionarse apoio á inserción laboral de persoas desempregadas ou en risco de exclusión social (parados de longa duración, mulleres, e persoas con dificultades para acceder ao mercado laboral), con actuacións centradas na formación teórico/práctica, prácticas en empresas e intermediación laboral. A produción hortícola ecolóxica e a elaboración de transformados agroindustriais foron os principais campos de traballo enmarcados nos Programas Integrados. Ademais, co obxectivo do fomento do autoemprego e da creación de pemes desenvólvense difusión de traballo e creación de difusión de traballo e desenvolvemento de plans de empresa.

ACTUACIÓN	FORMACIÓN PARA Á INICIACIÓN DA ACTIVIDADE AGROECOLÓXICA.
1.1.a	

Descrición

- ✓ Formación teórico/práctica, prácticas en empresas e intermediación laboral no eido agroalimentario para mellorar a información, formación e avanzar na súa capacitación para o desenvolvemento dunha actividade ligada ao emprego. Dende a produción ecolóxica ata a procura da fixación de valor engadido no territorio por medio da elaboración de transformados agroindustriais,
- ✓ Prácticas en empresas
- ✓ Realización de visitas formativas a experiencias demostrativas
- ✓ Asesoramento e apoio técnico para avaliar a viabilidade dos proxectos.
- ✓ Identificación de cultivos de interese: no proceso de diagnose do Sistema alimentario Local púidose identificar unha demanda de producións das que hai carencia a nivel local, como a horta, leguminosas, o leite, as froitas, a carne, os cereais e as flores. Por iso, as accións de emprendemento que se leven a cabo se centrarán en fomentar este tipo de actividades agrarias.
- ✓ Formación práctica de manexo de maquinaria agrícola

Axentes implicados

ADR Mariñas Betanzos, CFEA Guísamo, Fundación Juana de Vega, IGAPE, CIAM, CSIC-Misión Biolóxica

Indicadores

Nº de horas de formación; Nº de alumnos formados; Nº de desempregados formados; Nº de plans de empresa creado; Nº de empresas creados; Nº de persoas inseridas laboralmente

ACTUACIÓN	FORMACIÓN E ASESORAMENTO TÉCNICO ECONÓMICO PARA OS EMPREENDEDORES.
1.1.b	

Descrición

Nesta fase se vai a prestar apoio e asesoramento técnico, así como articular as ferramentas necesarias para a posta en marcha dos proxectos. Se darán a coñecer e se facilitará o acceso aos distintos instrumentos de financiamento.

- ✓ Asesoramento e apoio técnico no acceso a axudas e financiamento, trámites para a posta en marcha.
- ✓ Facilitar o contacto cos técnicos responsables da tramitación de licenzas, permisos e rexistros esixibles para a posta en marcha.
- ✓ Facilitar o acceso a terras agrarias (Bolsa de Terras da Reserva de Biosfera), así como a infraestruturas e/ou equipamentos necesarios para desenvolver a actividade agroindustrial ou de elaboración de transformados agroalimentarios.
- ✓ Elaboración de mapa de orientacións produtivas dos cultivos.
- ✓ Fomentar a viabilidade dos proxectos de emprendemento a través das axudas do Programa LEADER, Programa de apoio ao emprendemento agroalimentario, IGAPE, axudas á incorporación, etc
- ✓ Acordos con entidades financeiras para o apoio de proxectos a través da creación dun fondo de microcréditos (préstamos aos emprendedores sen avales).
- ✓ Promover a Responsabilidade Social Empresarial das grandes empresas e fundacións, co obxectivo de apoiar a posta en marcha de pequenas iniciativas emprendedoras enmarcadas no emprego/emprendemento verde.
- ✓ Celebración de dinámicas de avaliación xunto a expertos.
- ✓ Programa de “mentoring” ou acompañamento.
- ✓ Identificación de oportunidades de mercado: traballarase na identificación das novas oportunidades de mercado para os emprendedores agroalimentarios e as empresas xa consolidadas, mediante a organización de seminarios e xuntanzas que permitan clarificar as características reais dos novos mercados. Estudos de mercado, xornadas técnicas, xuntanzas e entrevistas a investigadores, técnicos e expertos, a emprendedores consolidados e a clientes potenciais.
- ✓ Guía - Itinerario de emprendemento verde: protocolo de acompañamento a persoas emprendedoras, é dicir, un documento onde se detallará o itinerario formativo e de incorporación á actividade agraria que poderán seguir os potenciais emprendedores no futuro.
- ✓ Estudo de viabilidade empresarial de distintas empresas agroalimentarias. A guía basearase no estudo dos datos medios de explotacións agrarias xa consolidadas. Servirá para axudar aos emprendedores a coñecer as características de cada tipo de produción. Incluiranse os gastos de constitución e posta en marcha, os requirimentos de infraestruturas (terras, invernadoiros, instalación eléctrica e de rega, maquinaria e apeiros, e outras), cifra estimada de inversións necesarias, as vías de comercialización existentes, a man de obra necesaria, a renda media xerada, etc.

Axentes implicados

ADR Mariñas-Betanzos, CFEA Guísamo, Fundación Juana de Vega, IGAPE, Entidades Bancarias, Empresas

Indicadores

Nº de accións formativas e de asesoramento técnico, nº de persoas formadas ou asesoradas, nº de persoas inseridas laboralmente



ACTUACIÓN	ELABORACIÓN DUNHA GUÍA PARA A TRANSICIÓN E A RECONVERSIÓN ECOLÓXICA.
1.1.c	

Descrición

Fomentar a conversión da agricultura convencional á ecolóxica, prestando asesoramento e facendo difusión das oportunidades que esta última representa no incremento do valor engadido das producións. Elaboración dunha guía onde se establezan unha serie de recomendacións e principios para a transición a ecolóxico, principalmente das producións de leite e carne. Un manual para a elaboración dun Plan de Conversión no que se analice a situación de partida, se establezan os cambios de manexo que sexan necesarios, así como os cambios na estratexia de produción e de mercado, analizando os posibles problemas e adiantando solucións.

Axentes implicados

ADR MariñasBetanzos, CIAM, USC, UDC, Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos, SOGA,

Indicadores

Guía de transición elaborada, nº de plans de conversión realizados, nº de actividades formativas levadas a cabo, nº de asesoramentos levados a cabo

O 2º Barómetro de “Percepción e consumo de alimentos ecolóxicos en Galicia” destaca un crecemento dun 20% no consumo de produtos ecolóxicos dende o ano 2010

DIVERSIDADE AGROECOLÓXICA Granxas de Lousada SC.

é unha pequena empresa de produción ecolóxica situada no concello de Irixoa. Sergio Boado e Dolores Porto comezaron no agro por tradición familiar e por afección e cando a crise os obrigou a buscar alternativas laborais, embarcáronse en poñer en marcha unha explotación en ecolóxico que se caracteriza pola diversidade de sectores nos que traballa. Xestionan preto de 28 ha dedicadas á produción de vacún, ovino, porco, horta e cereais, e proxectan introducirse en breve na produción de ovos e

polos, tamén de xeito biolóxico. A propia familia de Dolores xestionaba unha granxa de leite, aínda que Dolores e Sergio optaron por coller outra vía diferente na que viron máis futuro. Diversificaron a oferta, introducíronse na agricultura ecolóxica e apostaron pola venda directa ó consumidor. No caso da horta, Dolores baixa ao mercado de Betanzos tres veces á semana.

En horta, a explotación aplica tamén a máxima da diversificación e traballa todo tipo de produtos, entre os que destaca o grelo como cultivo estrela para a época de inverno e cita unha longa restra de hortícolas, entre as que figuran o brócoli, a coliflor, os chícharos, o repolo, tomate, pemento ou as patacas.



Porcos de Granxas de Lousada

ACTUACIÓN	FORMACIÓN DE FORMADORES E ASESORES SOBRE SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCAIS E AGRICULTURA ECOLÓXICA
1.1.d	

Descrición

As distintas entidades do territorio incluírán nas súas propostas formativas, formación regrada e non regrada para mellorar a formación de formadores e asesores sobre sistemas alimentarios locais e agricultura ecolóxica.

Axentes implicados

Xunta de Galicia, CFEA Guísamo, CIAM, USC, UDC, Escola de Finanzas, SEAE

Indicadores

Nº de accións formativas a formadores levadas a cabo; nº de persoas formadas

ACTUACIÓN	MELLORAR A DISPONIBILIDADE DE SEMENTE E PLANTÓNS EN ECOLÓXICO
1.1.e	

Descrición

A escasa oferta de sementes e plantóns presentadas polas empresas autorizadas para o cultivo ecolóxico dificulta o labor dos agricultores que queren producir en ecolóxico. Na maioría dos casos as sementes proveñen do mercado convencional ou se mercan por internet. Para o caso dos plantóns as empresas de venta adoitan estar fóra do territorio e incluso fóra da provincia da Coruña. Unha demanda recorrente dos produtores é o dunha produción de plantón ecolóxico acorde as súas necesidades, polo que sería fundamental un maior labor de coordinación e comunicación entre viveiristas e produtores. Consta das seguintes accións:

- Dinamizar aos produtores en ecolóxico xunto a viveiristas con posibilidades de producir en ecolóxico ou que xa o fan, para adaptar a produción de planta e semente aos requirimentos dos produtores ecolóxicos e posibilitar a planificación e a reprodución das variedades requiridas.
 - ✓ Xuntanzas entre produtores e viveiristas
 - ✓ Procura de financiamento para o apoio á infraestrutura privada creada.
 - ✓ Formación aos viveiristas de nova incorporación á produción ecolóxica.
 - ✓ Mellorar a calidade e a dispoñibilidade das variedades locais
- Facilitar a compra colectiva de sementes e plantóns que veñen de fóra do territorio, así como de insumos como o penso e os abonos ecolóxicos para aforrar custes e diminuír a pegada ecolóxica.
- Dinamización dos produtores para mellorar a colectividade e cooperación no sector.

Axentes implicados

Viveiristas, produtores ecolóxicos, emprendedores ecolóxicos, ADR Mariñas Betanzos

Indicadores

Nº de xuntanzas realizadas, viveiro posto en marcha, nº de plantas e sementes vendidas, nº de produtores beneficiados, documento con condicións legais para a produción de sementes e plantóns en ecolóxico.

OBXECTIVO 2: FAVORECER A MOBILIDADE DE TERRAS E O ACCESO A ESTRUTURAS PRODUTIVAS

O abandono de terras nas paisaxes de agricultura tradicional galegas supuxo a expansión das áreas de mato, coa conseguinte perda de hábitats seminaturais de elevado valor ecolóxico e cultural ligados á actividade humana, refuxio de especies raras ou ameazadas e, polo xeral, representados amplamente dentro dos espazos da Rede Natura 2000 (Corbelle & Crecente, 2008)⁶. En moitos casos esta expansión considérase globalmente negativa porque implica o desenvolvemento de gran cantidade de biomasa supoñendo un importante incremento do risco de incendios e as súas consecuencias.

Isto agrávase polo feito de que o abandono das actividades agrarias

avanza especialmente naquelas unidades de menor tamaño, tradicionais, que practican o policultivo (frecuentemente en combinación cunhas poucas cabezas de gando) e que conciliaban o autoconsumo (ao que se dirixía unha parte importante da produción) coa comercialización do excedente no seu ámbito xeográfico. Estas explotacións conservan ademais un importante acervo de cultivos e variedades locais, así como de prácticas agrícolas de poucos insumos adaptadas ao seu entorno. En contraposición, as explotacións que permanecen especialízanse, intensifican o seu sistema de produción e utilizan de forma crecente variedades comerciais, dirixidas a abastecer mercados indiferenciados frecuentemente afastados. En conxunto, isto supón un duro revés para toda a biodiversidade ligada á agricultura.

Noutros casos, esas terras abandonadas

A Fundación Juana de Vega, situado no concello de Oleiros, ten como misión a mellora do tecido empresarial agroalimentario fomentando a súa competitividade e produtividade para mellorar o benestar e o progreso do medio rural de Galicia. Con este obxectivo a Fundación convoca cada ano o “Programa de apoio ao emprendemento agroalimentario”. Dez iniciativas emprendedoras son seleccionadas anualmente para recibir apoio técnico, e conseguir altos niveis de produtividade, competitividade e orientación ao mercado mediante o fomento da cooperación, a diferenciación, a innovación e a calidade. Trabállase cos participantes no programa en dúas partes: dotar aos emprendedores da información e formación necesaria para definir o proxecto de empresa e trasladalo a un plan de negocio; e apoiar ao emprendedor na fase de implantación e saída ao mercado da súa empresa ata conseguir os primeiros obxectivos do plan.

<http://www.juanadevega.org>




son ocupadas por plantacións forestais produtoras de crecemento rápido. Así, a substitución e simplificación dos mosaicos naturais de usos do solo característicos do medio rural por monocultivos, empobrece enormemente a biodiversidade asociada aos primeiros.

A mobilidade de terras é pois, un dos principais retos para o desenvolvemento dun Sistema alimentario local sostible, que favorezca o usos destas terras para producir alimentos.



Segundos datos do *Mapa de aproveitamentos e cultivos 2000-2010 do Ministerio de Agricultura*, a superficie de mato - que podemos equiparar a superficie en estado de abandono- sitúase no 10 % da superficie do territorio da Reserva de Biosfera. Aínda que a superficie abandonada se reduciu nos últimos anos, fíxoo a favor da superficie improdutiva (urbana) e a expansión do eucalipto.



ACTUACIÓN	POSTA EN MARCHA DA BOLSA DE TERRAS DA RESERVA DE BIOSFERA.
1.2.a	

Descrición

Un dos principais obstáculos aos que se enfrontan os emprendedores agrarios é o acceso á terra. Segundo datos de 2005, o 10% do territorio atopábase en estado de abandono, polo que a dinamización os respecto resulta fundamental para evitar a perda de biodiversidade, o risco de incendio e mellorar á conservación da paisaxe.

A Bolsa de Terras trátase dunha ferramenta para a dinamización de terras agrarias sen uso e/ou abandonadas. Unha base de datos de intercambio entre propietarios e emprendedores, ben sexa a través de fórmulas de cesión, aluguer ou venda.


O visor web da Bolsa de Terras é un espazo web onde visualizar a localización, tamaño e características das parcelas, así como, as condicións de uso das mesmas impostas polo propietario (cesión, aluguer ou venda). Esta base de datos permitirá unha consulta sinxela das parcelas dispoñibles para a posta en marcha de proxectos en base a terra.

Axentes implicados

ADR MARÍNAS BETANZOS, Propietarios terras, emprendedores, concellos, Banco de Terras de Galicia

Indicadores

Visor web creado, nº de parcelas incluídas, nº de consultas realizadas, nº de acordos de uso acadados



ACTUACIÓN	DINAMIZACIÓN DE INICIATIVAS E PROXECTOS PILOTO PARA O EMPRENDEMENTO VERDE
1.2.b	

Descrición

- ✓ Creación dun Viveiro de Emprendemento Hortícola nunha parcela de 1,93 ha na parroquia de Iñás (Oleiros) e destinada a facilitar a incorporación á actividade agraria de novos emprendedores no ámbito hortofrutícola co obxectivo de coñecer a viabilidade deste tipo de iniciativas no territorio. As instalacións funcionarán como "viveiro de empresas" de maneira que os emprendedores poidan iniciarse na actividade hortícola ecolóxica. Dende a Asociación Mariñas-Betanzos se prestarán os servizos de asesoramento aos emprendedores. Se instalarán os servizos de auga e luz e 2 ud. invernadero túnel 8,50x50 m. (1.000 m²). A cesión da finca terá un máximo de 3 anos.
- ✓ Creación e apoio a iniciativas emprendedoras noutras fincas da Bolsa de Terras da Reserva de Biosfera.

Axentes implicados

ADR Mariñas Betanzos, Concellos, propietarios, emprendedores

Indicadores

Nº de zonas piloto, Nº de emprendedores inseridos laboralmente, Superficie mobilizada, nº de empresas creadas, tipo de empresa creada.

ACTUACIÓN	PROMOVER A INCLUSIÓN DESDE OS CONCELLOS DAS FINCAS AGRARIAS INFRAUTILIZADAS NA BOLSA DE TERRAS
1.2.c	

Descrición

Os concellos deberán recoller nas ordenanzas municipais a obrigação dos propietarios de manter as fincas agrarias en uso mediante a inclusión das mesmas na Bolsa de Terras. Promover a inclusión das masas comúns das Concentracións Parcelarias e as fincas do Estado no Banco de terras de Galicia e na Bolsa de Terras da Reserva de Biosfera.

Axentes implicados

Concellos, propietarios, Consellería con competencias na materia (Xunta de Galicia), ADR Mariñas Betanzos

Indicadores

Nº de concellos con ordenanzas aprobadas, nº de parcelas incluídas na Bolsa de terras como consecuencia da aprobación da ordenanzas, nº de controles e sancións levadas a cabo.

ACTUACIÓN	CREACIÓN DUNHA BOLSA DE INVERNADOIROS DE SEGUNDA MÁN.
1.2.d	

Descrición

Dado o abandono da actividade agraria nos últimos anos, son moitos os invernadoiros que se atopan en estado de abandono e que poderían ser reutilizados polos novos emprendedores do sector. As accións da actuación serían: identificación de invernadoiros en desuso, visita aos propietarios, inclusión na bolsa de invernadoiros, estudo dos prezos de traslado de invernadoiros, etc.

Axentes implicados

Propietario de invernadoiros, emprendedores, ADR Mariñas Betanzos

Indicadores

Nº de invernadoiros detectados, Nº de invernadoiros incluídos na Bolsa, Nº de arrendamentos o venta de invernadoiros acadadas



Os invernadoiros son unha infraestrutura básica para o emprendedor

OBXECTIVO 3. FOMENTAR O USO DE VARIEDADES E RAZAS AUTÓCTONAS

A importancia da conservación das variedades tradicionais radica non só na súa importancia como reserva xenética para o desenvolvemento de novas variedades comerciais, senón tamén porque as propias variedades tradicionais representan unha alternativa de cultivo importante fronte ás comerciais, polas súas características de adaptación ao medio, a resistencia a enfermidades, a calidade organoléptica e a demanda polos consumidores. Tamén cobran a súa importancia estas

variedades locais na agricultura ecolóxica, pola propia adaptación que teñen ás condicións climáticas e de cultivo das zonas de onde son orixinarias, o que pode incidir na redución de problemas fitosanitarios e de pragas nos cultivos.

Na Reserva de Biosfera sempre existiron cultivos con variedades tradicionais, entre os que destacan os tomates *Negro de Santiago* e *Avoa de Osedo*; a cebola e o repolo de *Betanzos*, a pataca *Fina de Carballo*, a produción con variedades de trigo autóctono, o pemento *Grande do Couto*, ou as variedades de uva históricas coma o *Branco Lexítimo* ou *Agudelo*.



Tomate negro de Santiago



Cebola de Betanzos

A labor do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)

CIAM depende da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia. Ten a función de realizar investigacións aplicadas e básicas orientadas nas liñas de investigación preferentes dos programas de recursos e tecnoloxías agroalimentarias. Desde os seus inicios no 1888, como granxa agrícola en Monelos, ata a actualidade, realiza un servizo de Transferencia de coñecementos ao agro galego. O Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estudos e Publicacións, coordina os resultados dos ensaios e proxectos no ámbito agroforestal, en resposta ás necesidades e inquiredanzas que demanda o sector. Todo labor de recuperación de variedades autóctonas resulta de gran interese para facilitar a incorporación á actividade agraria e a conservación da biodiversidade cultivada. O CIAM actúa como custodio de recursos fitoxenéticos *ex situ* a través do seu Banco de Xermoplasma no que Actualmente, no que ten recollidas unhas 50 variedades locais (18 de cebola, 17 de tomate, 10 de pemento, 3 de leituga e 1 de repolo), a maior parte de elas ensaiadas e outras seleccionadas e melloradas. Aparte de estas variedades, hai recollidas outras 72 de diversas especies hortícolas, que non están aínda ensaiadas.



ACTUACIÓN	PROMOVER A POSTA EN MARCHA DE PROXECTOS DE REXISTRO DE
1.3.a	VARIETADES LOCAIS COMERCIAIS

Descrición

- ✓ Cooperación cos axentes interesados na recuperación de variedades autóctonas hortofrutícolas galegas conservadas nos bancos de xermoplasma públicos.
- ✓ Fomentar o rexistro comercial de variedades locais con proxectos de transferencia tecnolóxica desenvolvidos desde o CIAM con empresas privadas interesadas en comercializar as distintas variedades, para conseguir certificar a súa orixe. Xa se encontra rexistrado o “Tomate Negro de Santiago”. En proceso están a cebola e o repolo de Betanzos.
- ✓ Posta en marcha de parcela experimental para a produción de recursos fitoxenéticos (sementes, plantón) de variedades autóctonas en ecolóxico.

Axentes implicados

CIAM, Empresas privadas, CFEA Guísamo

Indicadores

Nº de variedades locais rexistradas, Nº de parcelas experimentais postas en marcha,

OBXECTIVO 4. MELLORA DA CAPACIDADE DE TRANSFORMACIÓN DAS PRODUCCIÓNS LOCAIS

A elaboración de produtos agroindustriais de carácter artesán segue a considerarse prioritario para o territorio. O interese da actividade baseada na transformación de produtos ientes da actividade primaria, radica na súa capacidade para estimular o desenvolvemento da agricultura e a gandaría, e conta cun gran potencial para xerar un importante valor engadido á economía rural. Neste territorio

destacan as queixerías artesás, as panaderías de Carral, as adegas de Betanzos e as pequenas industrias de marmeladas. Sen embargo, o pequeno tamaño do sector é nalgúns casos un impedimento para a xeración de dinámicas de innovación.

Igualmente sería necesario a posta en valor das producións agrarias e pesqueiras mediante o pulo á creación de pequenas industrias de transformación. Os sectores a priori identificados como interesantes pola falta de empresas que se dediquen a elo son: panadería e repostería ecolóxica; queixo ecolóxico; viño, cervexa e sidra ecolóxica.



Formación en agrotransformados

ACTUACIÓN	FORMACIÓN E ASESORAMENTO PARA A TRANSFORMACIÓN INNOVADORA DAS PRODUCCIÓN S LOCAIS.
1.4.a	

Descrición

- ✓ Proporcionar coñecementos teóricos e prácticos sobre a manipulación, transformación e procesado de materias primas. As actuacións de formación e creación de pequenas industrias agroalimentarias se centrarán nas producións de derivados do leite, produtos do mar, derivados cárnicos, transformados de horta, panadería e pastelería.
- ✓ Favorecer a comercialización entre a industria agroalimentaria local e o sector primario. A necesidade de poñer en valor as producións do territorio mediante a súa transformación é clave para o territorio. Por elo, é necesario que as industrias transformadoras coñezan e aposten polas producións e se creen sinerxías entre produtores e transformadores. Proponse a creación de convenios e contratos entre produtores, empresas de transformación e centros de investigación para a posta en marcha de proxectos de innovación.

Axentes implicados

Produtores, empresas de transformación, cooperativas, CIAM, ADR Mariñas Betanzos

Indicadores

Nº de accións de formación, nº de convenios asinados, nº de produtos implicados, nº de empresas participantes.

ACTUACIÓN	VIVEIRO DE INDUSTRIA AGROALIMENTARIA
1.4.b	

Descrición

Posta en marcha de un viveiro de empresas como ferramenta de apoio aos emprendedores do sector da transformación agroalimentaria. A ADR Mariñas Betanzos conta, en calidade de cesión temporal, cunha nave de 268 metros cadrados no Viveiro Municipal de empresas que o Concello de Oleiros ten no Polígono de Iñás (Oleiros). Mediante o procedemento de concurso aberto, adxudicarase a cesión do uso da nave a aquelas persoas emprendedoras de cara a desenvolver a súa actividade durante un máximo de 5 anos (3 anos + 2 prorrogables). Coas actuacións contempladas, as producións froito das actividades desenvolvidas poderán tentar a súa introdución no mercado cuns custes en materia de infraestruturas minimizados. Por outra parte, tamén se abre a posibilidade de constituír un espazo común para varias agroindustrias, de maneira que consiga multiplicar a súa utilidade produtiva ao tempo que se fomentan os procesos de colaboración entre as empresas.

Axentes implicados

Emprendedores, ADR Mariñas Betanzos, CFEA Guísamo,

Indicadores

Nave acondicionada, nº de empresas usuarias da nave, nº de empregos creados



ACTUACIÓN	FOMENTO DA REUTILIZACIÓN DE ENVASES E A VENDA A GRANEL.
1.4.c	

Descrición

Co obxectivo de reducir o impacto dos envases no medioambiente e facer o sistema alimentario da Reserva de Biosfera máis sostible proporáanse fórmulas e proxectos para fomentar o reemprego de envases e a venda a granel.

Axentes implicados

Empresas, tendas locais, restaurantes, consumidores, ADR Mariñas Betanzos, cooperativas, Universidades, etc.

Indicadores

Nº de accións de fomento do reemprego de envases, nº de accións de fomento da venda a granel, nº de empresas participantes, nº de consumidores implicados

O Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo (CFEA Guísamo)

depende da Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia. Comezou a súa andaina no ano 1964 como Escola de Capacitación Agraria e ven de celebrar o ano pasado 50 anos dando resposta ás necesidades formativas das/dos profesionais, entidades, asociacións e poboación relacionada con actividades agrogandeiras e forestais.

Na actualmente o centro, emprazado no concello de Bergondo, imparte dous ciclos formativos: o ciclo formativo de grado medio de “Xardinaría e Floraría” e o ciclo superior de “Paisaxismo e Medio Rural”. Por outra banda, o seu labor no sector agroalimentario é de suma importancia: traballan pola recuperación das variedades autóctonas, poñendo a disposición da xente interesada sementes de variedades autóctonas; dispoñen dun “Xardín Mariñán” onde as producións de horta se mesturan con plantas ornamentais; e ademais fan experimentación de cultivos e transformados agroalimentarios como sidra de mazá, sidra de xeo, zumes (pasteurizados) e viños.

Gran parte da súa produción envíase á “cocina económica”, como é o caso da produción da variedade autóctona de pataca “Fina de Carballo”. <http://www.cfeaguisamo.org>



Experimentación de cultivos no CFEA de Guísamo

ACTUACIÓN	ANÁLISE DA VIABILIDADE DA POSTA EN MARCHA DUN MATADOIRO MÓBIL PARA AVES DE CORRAL E COELLOS.
1.4.d	

Descrición

Resulta de gran interese a creación dun sistema de comercialización que permita a venda directa nas explotacións de produtores de carne na propia explotación ou cara establecementos de venda directa ao consumir no ámbito local, baixo o control e marcado de calidade autorizado polas administracións competentes.

Proponse a utilización de sistemas móbiles de atención e control veterinario de pequenas explotacións, onde se poida sacrificar aos animais sen necesidade de trasladarse a matadoiros situados a 40 ou 50 quilómetros, facilitando así unha produción o máis sustentable posible.

Axentes implicados

Fundación ACIVEGA, produtores de polos e coellos, ADR Mariñas- Betanzos

Indicadores

Posta en marcha do proxecto piloto, produtores participantes, nº de animais sacrificados



Galiña Piñeira

ACCIÓN PRIORITARIA 2. FOMENTAR O CONSUMO DE ALIMENTOS LOCAIS

A compra-venda de produtos en canles curtas resulta unha alternativa para alcanzar un consumo local máis sostible. Por canle curta⁷ entendemos: “unha cadea de subministro formada por un número limitado de axentes económicos, comprometidos coa cooperación, o desenvolvemento económico local e as relacións socio-económicas entre produtores e consumidores nun ámbito xeográfico próximo”.

A venda directa en feiras e mercados foi durante séculos a principal canle de comercialización dos produtos agrarios e frescos. Este sistema aínda que se foi transformando, segue sendo un dos principais para os produtos de horta no territorio con feiras e mercados quincenais e semanais nun gran número de concellos. Catorce dos dezasete concellos da Reserva de Biosfera contan con feiras, que poderían ser consideradas como mercadillos, xa que a presenza de produtos agroalimentarios locais está sendo relegada na actualidade á venda fundamentalmente de téxtil ou produtos chegados de fóra da Reserva e incluso de Galicia. Sen embargo, os mercados semanais contan coa presenza de produtos do territorio.

As características da produción agroecolóxica (diversidade de cultivos, pequenos tamaños de explotación, etc.), leva en moitas ocasións á búsqueda dunha sostibilidade máis aló da produción, a través da venda en canles curtas.

Cómpre tamén destacar multitude de festas, exaltacións e degustacións gastronómicas, repartidas ao longo de todo o ano, que, ademais de eventos festivos, teñen por obxectivo a promoción dos produtos da terra.



Tenda local

⁷ Definición de Canle Curta de Comercialización (CCC) recollida no Artigo 2 da Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)

OBXECTIVO 5. PROMOVER OS PRODUTOS DA RESERVA DE BIOSFERA

As características xeográficas e climáticas do territorio propician a existencia dunhas materias primas de alta calidade, entre as que destacan especialmente a horta, a sardiña de Sada, os mexillóns de Lorbé (Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia), o Viño da Terra de Betanzos, o lúpulo, a tortilla de Betanzos, o pan e as empanadas de Carral, a Galiña Piñeira, ou os queixos..

Un dos principais atributos con capacidade de outorgar calidade diferenciada a un produto agroalimentario é a súa relación co territorio onde ten lugar a produción. Este concepto persegue unha conservación dos recursos locais que permita a sustentabilidade económica do tecido empresarial implicado.

Unha das vías dirixidas a garantir a orixe e calidade dun produto son as marcas de orixe, que son un instrumento de enorme validez para identificar e poñer en valor as especificidades territoriais.

Na actualidade, desde a Reserva de Biosfera se está traballando na creación dun selo de calidade con capacidade para exercer de paraugas a un amplo abano de produtos e servizos. Este distintivo permitirá aos cidadáns recoñecer a calidade diferenciada dos produtos da Reserva de Biosfera e identificarse cos principios da mesma.

A marca proposta constará dun Regulamento de Uso ademais de pregos de condicións específicos – en base a aspectos técnicos de boas prácticas e produción responsable- por cada



MOSTRA DO BRANCO LEXÍTIMO DE PADERNE

Esta Mostra, que pretende servir como referente para dar a coñecer a actividade das adegas da comarca, servirá tamén para vincular os caldos aquí producidos coa degustación de produtos locais, así como as potencialidades que esta combinación ofrece para o desenvolvemento do turismo, a creación de riqueza e a xeración de postos de traballo.

Os últimos anos, os viticultores de Paderne e da comarca de Betanzos encadrados dentro da IXP Viño da Terra de Betanzos, están a facer unha aposta importante pola recuperación dunha variedade de uva, o Branco Lexítimo. Neste sentido, tras a plantación destas vides, na actualidade, estanse a recoller os froitos delas e a elaborarse os primeiros monovarietais desta caste..

Esta mostra, na que están presentes as diferentes adegas, Casa Beade, S.L., Viña Ártabra, Adegas Rilo, Adegas Codeseira, Adegas Lorenzo Bescansa e Adegas Eladio, conta ademais coa realización de distintas actividades dirixidas a enxalzar este produto, como catas de viño ou diversos obradoiros de cociña, así como o nomeamento de “Embaixadores do Branco Lexítimo”. Así mesmo, na Mostra, pódese gozar tamén de produtos típicos da zona nunha sección dedicada á alimentación así como observar as últimas novidades en maquinaria agrícola e de xardinería.



tipoloxía de produtos ou servizos a amparar.

Nun primeiro momento está prevista a incorporación de catro pregos de condicións para as producións de: produtos hortícolas; viño da Terra de Betanzos; lácteos (queixos, leite fresco e xeados) e marmeladas.

A Ruta das adegas do Viño da terra de Betanzos. Un exemplo de promoción do territorio e da calidade das súas producións.

A Indicación Xeográfica Protexida “Viño da Terra de Betanzos” foi regulamentada no ano 2001 e modificada en 2012. Trátase da comarca vitivinícola situada máis ao Norte da Comunidade Autónoma galega, e que conta con variedades como “Branco Lexítimo” e “Agudelo”, como principal representación de uvas autóctonas de alta calidade.

En canto ao sistema de plantación, obsérvase un predominio de pé baixo disposto en marco real; o tamaño medio das parcelas segue a típica tendencia minifundista do resto do territorio. A segmentación de parcelas por explotación acada o seu máximo expoñente no concello de Bergondo. A pesar de que a regulamentación permite rendementos máximos de 11.500 kg/ha, as producións reais das variedades representativas citadas con anterioridade rara vez superan os 7.000-7.500 kg/ha.

Algúns dos principais problemas identificados é, a pequena dimensión das adegas e a baixa capacidade de investimento destas. Demándase ademais a necesidade de investigar clons máis adaptados ao manexo actual.

Segundo datos de 2013, a I.X.P. “Viño da Terra de Betanzos” conta cun total de 9,7 ha de viñado e 6 adegas inscritas: Adegas Codeseira (Betanzos), Casa Beade, S.L. (Paderne), Bodegas Rilo (Bergondo), Viña Ártabra (Paderne), Bodegas Eladio (Oza-Cesuras) e Adegas Lorenzo Bescansa (Betanzos).



ACTUACIÓN	POSTA EN MARCHA DA MARCA DE PRODUTOS DA RESERVA DE BIOSFERA
2.5.a	

Descrición

Constará das seguintes accións:

- ✓ Adhesión de produtos, elaboración do distintivo gráfico e aplicación da marca, material promocional para os beneficiarios e para o público en xeral.
- ✓ Talleres divulgativos e xornadas de degustación con restaurantes e tendas.
- ✓ Participación en ferias e *showcooking*s
- ✓ Creación dun vídeo promocional do proxecto
- ✓ Talleres de sensibilización nos centros escolares

Axentes implicados

ADR, produtores, empresas de transformación, tendas, restaurantes locais, Rede de Reservas de Biosfera españolas

Indicadores

Nº de empresas adheridas a marca, tipo de produtos incluídos, cantidade de produtos con a marca que saí ao mercado, nº de establecementos que venden produtos da marca

ACTUACIÓN	ELABORACIÓN DE GUÍA DE PRODUTORES- TRANSFORMADORES DA RESERVA DE BIOSFERA.
2.5.b	

Descrición


Elaboración dun tríptico con información sobre as principais empresas do sector de produción e transformación agroalimentaria. Esta guía pretende dar a coñecer os produtos agroalimentarios da Reserva de Biosfera a aquelas persoas ou entidades interesadas no consumo de calidade e de proximidade.

Axentes implicados

Produtores, empresas de transformación, asociacións de produtores, cooperativas, ADR Mariñas Betanzos, tendas, restaurantes

Indicadores

Nº de empresas incluídas no tríptico, Nº de trípticos impresos



Produtos agroalimentarios da Reserva de Biosfera

ACTUACIÓN	POSTA EN MARCHA DA MARCA “ESTABLECEMENTO DA RESERVA DE BIOSFERA”
2.5.c	

Descrición

Creación dunha rede de restaurantes, tendas locais e establecementos de restauración comprometidos co consumo de produtos agroalimentarios locais. Servirá para promocionar e defender a calidade e garantía que teñen os establecementos de restauración na área da Reserva que adoptan un comportamento sostible, utilizando materias primas do territorio con prácticas agrarias e agroalimentarias respectuosas co medio ambiente, permitindo así potenciar a diferenciación outorgada nun territorio calificado como Reserva de Biosfera.

Axentes implicados

Restaurantes, tendas locais, hoteis, empresas agroalimentarias, ADR Mariñas Betanzos

Indicadores

Nº de restaurantes, hoteis e tendas adheridos a marca, nº de actuacións de divulgación, volume de produto da marca consumido anualmente desde os establecementos da Reserva de Biosfera

ACTUACIÓN	DESEÑO DE RUTAS AGROTURÍSTICAS, ASOCIADAS ÁS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS
2.5.d	

Descrición

As rutas agroturísticas buscan o aumento da competitividade das pemes agroalimentarias reforzando o vínculo territorial entre a imaxe dos produtos locais e as empresas. As rutas poderían combinarse con actividades de senderismo

Búscase:

- ✓ Dar prestixio ao territorio, ás súas empresas e aos seus produtos.
- ✓ Ampliación dos mercados para os produtos, a través da marca da Reserva de Biosfera
- ✓ Incentivar e fortalecer as iniciativas ligadas ao turismo sostible.
- ✓ Mellorar a conservación ambiental e a información sobre os recursos naturais.

Xa está en marcha a Ruta das adegas da IXP “Viño da Terra de Betanzos”.
<https://biosferamarinasbetanzos.wordpress.com/ruta-adegas/>

Axentes implicados

Empresas, produtores, concellos, guías turísticas, Deputación da Coruña, asociacións de produtores, etc.

Indicadores

Nº de rutas creadas, nº de visitas recibidas ao ano, nº de tipos de produtos incluídos nas rutas



Visita a un viñado

ACTUACIÓN	GUÍA GASTRONÓMICA DA RESERVA DE BIOSFERA: LIBRO DE RECEITAS, E PRODUCCIÓN DE CALIDADE
2.5.e	

Descrición

Guía cos produtos, restaurantes e producións de calidade do territorio así como coa inclusión de receitas tradicionais elaboradas polos cociñeiros do territorio. Todo elo vinculado á marca de Reserva de Biosfera.

Axentes implicados

Empresas agroalimentarias, restaurantes, cociñeiros, aulas de cociña, universidades

Indicadores

Guía libro publicada, nº de produtos incluídos , nº de receitas incluídas, nº de restaurantes participantes

ACTUACIÓN	CONCURSO DE TAPAS DA RESERVA DE BIOSFERA.
2.5.f	

Descrición

Realización de concurso de tapas utilizando como ingredientes para a súa elaboración produtos da Reserva de Biosfera. Servirá como evento de promoción dos produtos e restaurantes da Reserva. Poderase realizar un concurso por tipo de produción: mar e terra. Incluirá cata de viños da Terra de Betanzos.

Axentes implicados

Concellos, establecementos de restauración, produtores, empresas agroalimentarias.

Indicadores

Nº de establecementos de restauración adheridos ao concurso, nº de persoas degustadoras das tapas, nº de concellos implicados, nº de produtos utilizados

OBXECTIVO 6. DINAMIZAR AS CANLES CURTAS DE COMERCIALIZACIÓN MEDIANTE ACORDOS DE DISTRIBUCIÓN

Na actualidade, o sector agrario ten unha dependencia cada vez maior de grandes clientes, dependencia que moitas veces é aproveitada para a imposición de prezos e determinadas condicións comerciais. O resultado é un poder de negociación desigual que ten un impacto negativo na competitividade da cadea posto que os operadores máis débiles se ven obrigados a actuar cunha marxe reducida, cando non negativo, o que limita a súa capacidade de investimento e socava as súas posibilidades de sostibilidade, trasladándose a falta de

rendibilidade ata a produción. Polo tanto, achegar os produtos locais a os restaurantes, as tendas locais, e os comedores colectivos é un dos principais retos do sistema alimentario local para chegar ao consumidor.

A inclusión do consumo de produtos locais e ecolóxicos do territorio en comedores colectivos e escolares é practicamente inexistente. Viuse polo tanto, que dende a Reserva de biosfera débese estudar e fomentar a creación de compromisos de compra-venda entre produtores locais e este tipo de consumidores. O consumo de produtos ecolóxicos nos centros escolares servirá para educar aos nenos e tamén de forma indirecta aos pais dos beneficios que ten para a saúde, o ambiente e/ou a economía local este tipo de consumo.

Alimentación ecolóxica nos centros escolares

A Reserva de Biosfera leva traballando durante este último curso escolar sobre as posibilidades do consumo de produtos ecolóxicos e de proximidade nos comedores escolares do seu territorio, co obxectivo de mellorar a saúde das nenas e nenos, conservar o medioambiente y crear emprego no sector agroalimentario.

Os resultados desta iniciativa piloto baseáronse nas experiencias desenvolvidas no CEIP de Curtis, CPI Vicente Otero Valcárcel de Carral e no CEIP Wenceslao Fernández Florez de Cambre. En total, máis de 500 alumnos destes colexios puideron gozar durante un día de platos elaborados con alimentos ecolóxicos producidos por agricultores da Reserva de Biosfera.

As principais conclusións extraídas do estudo apuntan a un potencial importante de creación de emprego en torno á produción ecolóxica, fundamentalmente de horta, froita e carne. Na actualidade, o territorio de Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo conta cunha superficie de terra dedicada á produción de horta ecolóxica de 13 hectáreas e cun pequeno produtor de carne, o que dificulta a consolidación d consumo destes produtos nos comedores escolares. Segundo os datos do estudo, para conseguir alimentar a uns mil nenos e nenas con produtos hortícolas ecolóxicos durante todo o curso escolar, serían necesarias aproximadamente 12 ha de terra adicionais.



ACTUACIÓN	PROGRAMA DE BIOCOMEDORES ESCOLARES DA RESERVA DE BIOSFERA
2.6.a	

Descrición

Animación para o consumo de produtos ecolóxicos da Reserva de Biosfera nos comedores escolares do ámbito de actuación. O consumo ecolóxico nos centros escolares ten moitas vantaxes para a Reserva de Biosfera e os seus habitantes:

- ✓ Fomenta hábitos alimentarios saudables nos comedores escolares a través da introdución de produtos ecolóxicos, frescos e de tempada.
- ✓ Favorece e potencia os sistemas de produción ecolóxica, animando á incorporación de novos produtores ou á conversión dos xa existentes a ecolóxico.
- ✓ Diminúe a pegada ambiental do Sistema alimentario, ao fomentar as canles curtas de comercialización.

Accións:

- ✓ Recompilación de información dos centros escolares na Reserva de Biosfera
- ✓ Caracterización da oferta de produtos ecolóxicos na Reserva de Biosfera
- ✓ Equilibrio nutricional e revisión dos menús co obxectivo de incorporar un nivel óptimo de legumes, verduras e froitase adaptalo á estacionalidade das producións e variedades do territorio.
- ✓ Planificación dos cultivos: variedades e cantidades adaptadas aos menús deseñados ou presentes nos centros escolares con suficiente antelación
- ✓ Organización da loxística de recollida e reparto aos centros escolares
- ✓ Talleres escolares dirixidos aos alumnos nos que se reflexione sobre como conciliar unha alimentación saudable e o respecto ao medio ambiente, a través do consumo de alimentos ecolóxicos e de proximidade.
- ✓ Posta en marcha de hortos escolares ecolóxicos
- ✓ Campaña formativa-divulgativa dirixida aos educadores, persoal de cociña e ás familias
- ✓ Impulso á contratación pública de servizos de *catering* nos comedores das escolas municipais que inclúan produtos ecolóxicos e de proximidade.

Axentes implicados

Centros escolares, produtores, empresas, alumnos, ADR Mariñas Betanzos, persoal de cociña, pais e nais, concellos

Indicadores

Nº de centros escolares que participan na iniciativa, nº de comensais abastecidos, nº de días ao mes abastecidos, nº de empresas participantes, nº de empregos creados, nº de hectáreas dedicadas a producir, nº de alumnos concienciados, nº de alumnos, pais/nais e persoal dos centros escolares participantes nas actividades de divulgación

ACTUACIÓN	PARTICIPACIÓN EN MERCADOS E FEIRAS LOCAIS COS PRODUTOS DA RESERVA DE BIOSFERA.
2.6.b	

Descrición

- ✓ Estudar a posibilidade de incluír un stand con produtos da marca da Reserva de Biosfera nos principais mercados locais do territorio.
- ✓ Colaborar na posta en marcha dun mercado local semanal e ecolóxico nalgún dos concellos da Reserva de Biosfera ou a súa área de influencia

Axentes implicados

Produtores e empresas agroalimentarias, concellos, ADR Mariñas Betanzos

Indicadores

Nº de mercados creados, nº de empresas participantes, nº de días á semana do mercado, nº de stands da Reserva de Biosfera creados.

OBXECTIVO 7. MELLORA DA LOXÍSTICA DE DISTRIBUCIÓN DOS PEQUENOS PRODUTORES LOCAIS

Un dos principais problemas na loxística do sistema alimentario radica no sector gandeiro de produción cárnica que opta por produción con selo ecolóxico. Os matadoiros con certificación ecolóxica máis próximos ao territorio atópanse en A Coruña - para a carne de tenreira- ou en Narón - para tenreira, porco e año-, onde tamén se conta con sala de despezamento. Nestes casos os pequenos produtores carentes de infraestruturas de transporte en frío deben pagar a empresas de transporte refrixerado para facer chegar a carne desde o matadoiro ao centro de consumo.



Albóndegas ecolóxicas

Actualmente a Fundación Acivega traballa para que os pequenos produtores/as de Polo Piñeiro, poidan sacrificar na propia explotación e que a carne fresca e derivados poidan ser vendidos a nivel local, asegurando en todo momento a inocuidade dos produtos. A idea, enmarcada dentro do Proxecto Cambela⁸, baséase na utilización de sistemas móbiles de atención e control veterinario de pequenas explotacións, onde se poida sacrificar aos animais sen necesidade de trasladarse a matadoiros situados a 40 ou 50 km, facilitando así unha produción o máis sustentable posible.

Por outra banda, outras solucións aos problemas detectados pasarían por movementos asociativos tanto de produción como de distribución e consumo, seguindo o principio de "a unión fai a forza". Son moitas as iniciativas que xurdiron e están a xurdir ao respecto en todos os ámbitos e que deben loitar contra os intereses persoais e particulares de cada individuo.

Para as pequenas empresas o asociacionismo considérase unha estratexia moi interesante para dar saída ás pequenas producións locais sen facer grandes investimentos e aforrando tempo en comercializar en solitario.

⁸ Proxecto Cambela. <http://www.agalpi.org/>

ACTUACIÓN	IMPULSO Á CONSOLIDACIÓN DUN CENTRO DE ACOPIO E DISTRIBUCIÓN DOS PRODUTOS DA RESERVA.
2.7.a	

Descrición

Estudo da viabilidade da posta en marcha dun centro loxístico de acopio, distribución e/ou venda dos produtos da Reserva de Biosfera.

Axentes implicados

Empresas agroalimentarias, ADR Mariñas Betanzos, tendas locais, restaurantes, etc.

Indicadores

Estudo realizado, centro de acopio creado, nº de empresas participantes

ACTUACIÓN	IMPULSO Á MELLORA NA DISTRIBUCIÓN DE PRODUCTOS CÁRNICOS ECOLÓXICOS DOS PEQUENOS PRODUTORES
2.7.b	

Descrición

- ✓ Impulso á certificación ecolóxica dos matadoiros locais para porco, tenreira, año e polo.
- ✓ Negociación e firma de convenios de transporte refrixerado con empresas de transporte
- ✓ Estudo da viabilidade da posta en marcha dunha sala de despieze para a comercialización de carne

Axentes implicados

Gandeiros, empresas de transporte refrixerado, matadoiros, Xunta de Galicia, ADR Mariñas Betanzos

Indicadores

Matadoiros certificados en ecolóxico para porco, tenreira, año e polo no territorio
Prezos competitivos de transporte refrixerado entre matadoiro e centros de consumo
Nº de gandeiros beneficiados

ACCIÓN PRIORITARIA 3. MELLORAR A GOBERNANZA NO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL

O desenvolvemento dunha estratexia alimentaria froito do traballo dos axentes locais resulta fundamental para lograr o éxito. Por iso, manter a participación de representantes e expertos do sector agroalimentario é clave. Esta participación debe ser activa e encamiñada a lograr os obxectivos e metas do Plan alimentario.

A Comisión Técnica Alimentaria, dentro dos órganos de xestión da Reserva de Biosfera debe ser o foro de participación efectiva de debate de todos os axentes para levar a cabo as accións do mesmo.



Traballo da Comisión Técnica do Plan alimentario

OBXECTIVO 8. ELIMINAR AS BARREIRAS POLÍTICAS OBSTÁCULO AO DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL SOSTIBLE

A concienciación das administracións cos beneficios do sistema alimentario local en sentido global é clave para o desenvolvemento das accións do Plan alimentario. Moitas delas necesitan do apoio dos distintos concellos do territorio, a Xunta de Galicia e o

Programa Leader, de forma que se creen unhas condicións favorables para o seu desenvolvemento. Das múltiples accións que poden emprender as administracións públicas para regular e apoiar os sistemas alimentarios locais, unha é a compra pública local e de proximidade. A compra pública alimentaria é unha acción multiplicadora, daquelas que, como as fichas dun dominó, provocan cambios en fervenza. E é especialmente certo nalgúns casos concretos de compra pública, por exemplo cando falamos de comedores escolares, por xuntar nun mesmo espazo mercado, saúde, educación, cultura e futuro.

ACTUACIÓN	IMPULSO Á COMPRA PÚBLICA VERDE DENDE OS CONCELLOS.
3.8.a	

Descrición

A compra pública ten unha gran capacidade para orientar os mercados cara un modelo económico máis xusto e sostible, debido ao gran poder de compra das administracións públicas, aproximadamente o 17 % del PIB no ámbito europeo (13 % no Estado español). A compra pública verde é aquela que inclúe cláusulas ecolóxicas ou ambientais nos contratos de subministro de produtos e servizos, de forma que se incida directamente na demanda, e se xogue así un efecto multiplicador contribuíndo, entre outras cosas, á creación de economías de escala.

As accións do plan serán:

- ✓ Establecemento de compromisos de compra de produtos locais nos eventos e xornadas que se levan a cabo desde as administracións públicas e outras actuacións ao respecto.
- ✓ Fomento da inclusión de cláusulas de subministro de produtos de proximidade e ecolóxicos nos concursos de servizo de *catering* das administracións públicas

Axentes implicados

Concellos, Deputación, Xunta de Galicia, Produtores, empresas de catering, etc.

Indicadores

Nº de compromisos de compra de produtos locais das administracións públicas
 Nº de contratos de compra verde asinados
 Nº de cláusulas de subministro de produtos de proximidade e ecolóxicos incluídas

ACTUACIÓN	RECOMENDACIÓNS DE COMO MELLORAR E APOIAR A SOSTIBILIDADE DO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL DENDE AS POLÍTICAS LOCAIS
3.8.b	

Descrición

Elaboración dunha guía para a administración local e xornadas de formación e divulgación cos técnicos de emprego, desenvolvemento rural, servizos sociais, etc.

Neste guía incluíranse unhas recomendacións de cómo actuar desde as administracións na procura dun sistema alimentario local sostible: na mobilidade de terras, na ordenación do territorio, os programas de formación para o emprego, a compra pública verde, etc.

Incluíranse unhas xornadas de divulgación da guía.

Axentes implicados

Concellos, Deputación, Xunta de Galicia, ADR Mariñas Betanzos

Indicadores

Guía de recomendacións para a administración local
 Nº de actividades de formación- divulgación realizadas

ACTUACIÓN	INCLUSIÓN DAS RECOMENDACIÓNS DO PLAN ALIMENTARIO NA CANDIDATURA
3.8.c	LEADER 2014-2020 DE MARIÑAS BETANZOS E NOUTRAS LIÑAS DE FINANZAMENTO.

Descrición

A candidatura LEADER 2014- 2020 dos territorios de actuación da Reserva de Biosfera incluírá e apoiará os principios, obxectivos e actuacións recollidas no Plan alimentario da Reserva de Biosfera.

Axentes implicados

AGADER, ADR Mariñas Betanzos, GDR ULLA TAMBRE MANDEO

Indicadores

Nº de actuacións do Plan alimentario incluídas na Candidatura, nº de obxectivos incluídos, nº de axudas solicitadas, nº de proxectos aprobados, nº de empregos creados

OBXECTIVO 9. FORTALECER O ASOCIACIONISMO E COOPERATIVISMO NO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL

A comercialización conxunta a través de cooperativas ou outras formas asociativas considérase unha estratexia moi interesante para dar saída ás pequenas producións locais sen facer grandes investimentos e aforrando tempo en comercializar en solitario. Esta solución pasa por unha planificación previa de cultivos e producións en función das demandas do mercado.

Por outro lado para lograr o éxito é fundamental ter criterios claros sobre a calidade e a presentación dos produtos, ademais de manter o sentimento de colectividade que a pertenza a unha asociación deste tipo leva consigo.

As actuacións neste ámbito poderán ter apoio económico no marco da Medida 16.4 do PDR 2014- 2020: “Apoio á cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de suministro para a creación e o desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais”.

Cooperativismo e consumo responsable: unha unión co campo dende a cidade

No ámbito de influencia da Reserva de Biosfera atópase unha cooperativa de consumo responsable con preto de cento corenta socios na cidade de A Coruña e que se abastece na medida do posible de produtos locais e ecolóxicos. Falamos de Zocaminhoca, unha cooperativa sen ánimo de lucro formada por socios particulares que comparte unha filosofía clara de consumo responsable e sustentable en todos os ámbitos da vida cotiá, baseándose os seus principios na relación interpersoal, o contacto directo cos produtores, a reutilización de envases, a venda a granel e a busca de produtos o máis sustentables posibles. Na Reserva existen ademais outros Grupos de Consumo como o de Millomiudo, en Oleiros.



ACTUACIÓN	FORMACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO PARA A CREACIÓN DE ENTIDADES PARA MELLORAR AS CONDICIÓN DE ACCESO AO MERCADO E AFORRAR CUSTES.
3.9.a	

Descrición

Un dos maiores problemas que padecemos é a ausencia dun espírito asociativo a nivel empresarial e laboral. Carecemos de cultura de cooperación e, por outro lado, a dispersión territorial, a diversidade de producións e volumes de cada empresa, fai fundamental o traballo asociado. A asociación entre axentes produtivos ou económicos é unha das vías que permite afrontar os diferentes retos que formula unha economía cada vez máis competitiva e defender os seus intereses ante os diferentes estamentos da sociedade. O fomento do asociacionismo, en calquera de súas fórmulas, resulta fundamental de cara a comercialización sobre todo, de aquelas producións de menor envergadura, características do sistema alimentario local.

A dinamización dos canles curtas, a marca da Reserva de Biosfera, son accións que xa traballan no fomento do asociacionismo no sector. As accións formuladas nesta actuación van mais aló coa formación, asesoramento e apoio a creación de asociacións.

Axentes implicados

Empresas do sector, Red Eusumo, cooperativas, ADR Mariñas Betanzos

Indicadores

Nº de asociacións creadas, nº de cooperativas creadas, nº de accións de formación e asesoramento para o asociacionismo, nº de persoas participantes.



Dinamización de propietarios de terras para fomentar o asociacionismo

ACCIÓN PRIORITARIA 4. CONCIENCIACIÓN DA SOCIEDADE SOBRE OS BENEFICIOS DOS SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCAIS

Actualmente, o papel dos consumidores redúcese a ser compradores ou usuarios finais do servizo. Aínda que este rol se definiu ás veces como unha posibilidade de elixir, a realidade é que, esta suposta liberdade está moito máis restrinxida do que parece, xa que se limita a elixir entre uns produtos moi limitados dos que descoñece os procesos de produción, os intermediarios, o prezo que recibiu cada un dentro da cadea, etc.

Por iso, promover unha conciencia social entre os cidadáns en materia de alimentación, saúde e medioambiente é outra das áreas prioritarias do Plan alimentario. Transmitir á cidadanía o principio de que os seus actos de consumo son elementos transformadores, e que a súa decisión na compra de determinados alimentos sans e de proximidade fronte a outros, pode contribuír a cuestións tan importantes como: a conservación ou mellora da súa saúde, o respecto ao medio ambiente, a conservación do paisaxe, o pagamento dun prezo digno aos produtores, e a creación de emprego e riqueza no territorio.



OBXECTIVO 10. DIVULGACIÓN DOS BENEFICIOS DOS SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCAIS

Dotar de ferramentas á poboación para diminuír a nosa pegada ecolóxica e dirixirnos cara modelos produtivos e de consumo máis respectuosos co medio e cara a un desenvolvemento rural sostible.

Poñer de relevo a importancia das producións sostibles e o consumo de proximidade para conciliar unha alimentación saudable e o respecto ao medio, aumentando a conciencia sobre a responsabilidade que temos as persoas cando eliximos os nosos costumes de consumo.



ACTUACIÓN	XORNADAS DIVULGATIVAS SOBRE PRODUCCIÓN ECOLÓXICA, CONSUMO DE PROXIMIDADE, SOBERANÍA ALIMENTARIA, SAÚDE BIODIVERSIDADE E MEDIOAMBIENTE.
4. 10. a	

Descrición

Xornadas de divulgación e campañas de comunicación sobre o papel do sector agrario na conservación da biodiversidade e a paisaxe, e na cultura agraria e culinaria do territorio.

- ✓ Promover talleres de divulgación nos hortos dos concellos, e nas asociacións do territorio.
- ✓ Educación ambiental en torno a biodiversidade e alimentación: por exemplo, do papel das abellas e os insectos na alimentación e o mediambiente
- ✓ Divulgar os beneficios para a biodiversidade do minifundio vs latifundio: educación ambiental
- ✓ Aparición en prensa e tv locais e autonómicas.

Axentes implicados

Concellos, asociacións, ONG, ADR, CEIDA

Indicadores

Nº de actuacións de divulgación- formación; nº de persoas participantes

ACTUACIÓN	ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS E CURSOS DE VERÁN.
4. 10. b	

Descrición

Participación e organización de congresos, seminarios ou cursos de verán da Universidade coa finalidade de divulgar o traballo desenvolvido no Plan alimentario da Reserva, para así tamén recoller novas ideas ou proxectos noutros territorios, e crear redes e sinerxías entre os participantes e con outros axentes expertos na materia.

Axentes implicados

Universidades, ADR Mariñas Betanzos, Fundación ACIVEGA, CIAM, Fundación Juana de Vega, CFEA Guísamo

Indicadores

Nº de cursos ou congresos organizados, nº de participantes, nº de cursos ou congresos nos que se participa,

OBXECTIVO 11. PROMOVER A PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA PRESERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE AGRARIA E A PRODUCCIÓN ECOLÓXICA

O coñecemento permite a comprensión básica de como funciona o medioambiente e o home no medio, como xorden os problemas ambientais e como se poden solucionar.

A toma de conciencia e sensibilidade sobre a importancia da biodiversidade agrícola para contribuír á seguridade alimentaria e a calidade de vida, e sobre a relación entre produción e consumo ecolóxico, saúde e medioambiente pódese lograr a través do desenvolvemento de habilidades que contribúan a unha mellor percepción do sistema alimentario. É necesario inculcar na sociedade valores positivos que brinden a motivación e vontade para conservar, mellorar e soste o medioambiente para as xeracións presentes e futuras.



Xornada de divulgación

ACTUACIÓN	COLABORACIÓN E DINAMIZACIÓN DE PROXECTOS DE HORTA URBANA CON FINS SOCIAIS
4. 11. a	

Descrición

Os hortos sociais teñen múltiples beneficios para os cidadáns, sendo de destacar aqueles:

- ✓ de tipo social, mellorando a calidade de vida, as relacións interxeracionais, a alimentación saudable, a saúde física e psicolóxica;
- ✓ de tipo económico e sobre o emprego, mellorando la renda familiar de numerosas familias, propiciando o aforro e o consumo de produtos locais;
- ✓ de tipo ambiental, favorecendo a creación de espazos verdes e difundindo a agricultura ecolóxica.
- ✓ de tipo urbanístico, rexenerando espazos baldíos e poñendo en valosolares en desuso e solos abandonados da actividade agrícola.

Accións:

- ✓ Cursos de formación teórica e práctica en hortofruticultura ecolóxica nos hortos urbanos creados
- ✓ Fomento da creación de novos espazos para os hortos sociais na Reserva de Biosfera ou nas fincas da Bolsa de Terras.

Axentes implicados

Concellos, asociacións, ONG, Fundacións, ADR Mariñas Betanzos, CFEA Guísamo.

Indicadores

Nº de hortos sociais creados, nº de persoas participantes, nº de entidades participantes

ACCIÓN PRIORITARIA 5: INNOVACIÓN NO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL

Débense promover formas de colaboración entre as distintas entidades do territorio que traballan en investigación, innovación, formación e asesoramento no sector agrario. Aproveitar a presenza no territorio do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), Laboratorio de control de calidade para explotacións leiteiras (LIGAL), a Escola de Formación Agraria de Guísamo ou a Fundación Juana de Vega entre outros, resultan clave para avanzar máis rapidamente e con mellores resultados.

Investigación	Formación	Apoio ao emprendedor e asesoramento	Axudas públicas e financiación de proxectos
• Centro Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) • Laboratorio Agrario y Fitopatológico de Galicia • Laboratorio Interprofesional Gallego de Análisis de Leche • Universidades	• CFEA de Guísamo • Centro para la Resiliencia Pousadoira • ADR Mariñas Betanzos • Universidade de Santiago de Compostela • Universidade de A Coruña	• Fundación Juana de Vega • Rede de Técnicos Locais de Emprego • Instituto Gallego de Promoción Económica (Igape)	• Oficinas Agrarias Comarcais • Consellería de Traballo e Benestar (Xunta de Galicia) • Consellería do Medio Rural e o Mar (Xunta de Galicia) • Entidades financieras





OBXECTIVO 12. POSTA EN MARCHA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN E COLABORACIÓN ENTRE AXENTES, CENTROS DE INVESTIGACIÓN E INSTITUCIÓN LOCAIS E TERRITORIAIS

O novo período de programación da PAC 2014-2020 supón unha oportunidade para a innovación agraria, o que fai necesario seguir traballando en mesas temáticas concretas para a creación e posta en marcha de Grupos Operativos, no marco da Medida 16.1 (Axuda á creación e funcionamento de Grupos operativos da AEI en materia de produtividade e sostenibilidade agrícolas) do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020, como punto clave para desenvolver proxectos do Plan alimentario no futuro, froito da colaboración e cooperación entre os axentes do territorio. Os Grupos Operativos constituiranse como principal vehículo para cumprir cos obxectivos da Axencia de Innovación Europea en canto á promoción de iniciativas innovadoras que pretendan xerar oportunidades, resolver problemas concretos ou aproveitar unha oportunidade nos sectores agroalimentario e forestal

ACTUACIÓN	PARTICIPACIÓN DOS AXENTES DO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL NAS MESAS TEMÁTICAS CREADAS PARA DAR RESPONSA A TEMAS CONCRETOS.
5.12.a	

Descrición

Posta en marcha de Grupos Operativos e outras formas de cooperación no marco do PDR 2014-2020. Medida 16 para o desenvolvemento de proxectos innovadores. Poderán constituírse mesas de traballo de temáticas concretas onde abordar algunha das actuacións propostas no Plan alimentario ou outras detectadas.

Axentes implicados

Comisión Técnica Plan alimentario, ADR Mariñas Betanzos, CIAM, Fundación Juana de Vega, CFEA Guísamo, Universidades, CSIC - Misión Biológica

Indicadores

Nº de xuntanzas da Comisión Técnica, nº de xuntas das mesas temáticas; nº de participantes, nº de grupos operativos creados, nº de proxectos aprobados

ANEXO: AXENTES PARTICIPANTES

AXENTE	ENTIDADE Sector
Xoana Varela Auber	Oficina Agraria Comarcal Betanzos <i>Administración Autonómica</i>
Francisco Otero Otero	Oficina Agraria Comarcal Cambre <i>Administración Autonómica</i>
Germán Crespo Miramontes	Servizo Industrias agroalimentarias - Xunta de Galicia <i>Administración Autonómica</i>
Rodrigo López Piquín	Concello de Oleiros <i>Administración Local</i>
César Longo Queijo	Concello de Paderne <i>Administración Local</i>
José Luis Gómez	La casa de la aldea <i>Comercialización</i>
Belén Rodríguez Rodríguez	Presidente Asoc. Labrega Natura <i>Consumo/Asociacionismo</i>
Mariola Mourelo Pérez	Cooperativa de consumo Zocaminhoca <i>Consumo/Asociacionismo</i>
Marta Rodríguez Pérez	Cooperativa de consumo Zocaminhoca <i>Consumo/Asociacionismo</i>
Maru Regueiro López	Cooperativa de consumo Zocaminhoca <i>Consumo/Asociacionismo</i>
Lois Arenas Barreiro	CFEA Guísamo <i>Formación</i>
Xosé Antonio Meixide	CFEA Guísamo <i>Formación</i>
M ^a Pilar Castro García	CFEA Guísamo <i>Formación</i>
José Manuel Andrade	Fundación Juana de Vega <i>Formación/Emprendemento</i>
Tomás Cuesta García	Escola Politécnica Superior (USC) <i>Formación/Investigación</i>
Xan Neira Seijo	Escola Politécnica Superior (USC)- SEAE <i>Formación/Investigación</i>
Angeles Romero Rodríguez	Fundación Dieta Atlántica/ USC <i>Investigación</i>
Juan Castro Insúa	Centro Investigacións Agrarias Mabegondo <i>Investigación</i>
Manuel López Luaces	Centro Investigacións Agrarias Mabegondo <i>Investigación</i>
Alfredo Taboada Arias	Centro de Investigacións Agrarias Mabegondo <i>Investigación</i>
Jaime Fernández Paz	Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia <i>Investigación</i>

AXENTE	ENTIDADE Sector
Enrique Arbones	Universidade de Santiago de Compostela Investigación
Xan Pouliquén	Xestión, xestión agrogandeira e natureza, SL Empresa privada- Formación e Xestión
Pedro Calaza Martínez	Colegio Oficial de Ingenieros Agrónomos de Galicia Colegio
Ana María Rodríguez Lado	A Horta de Ana (Horta Ecolóxica) Produción
Xuan Álvarez Llana	AGALPI (Asociación Produtores Galiña Piñeira) Produción
Xoán Ramón Díaz Saavedra	AGALPI (Asociación Produtores Galiña Piñeira) Produción
Isabel Casás Conceiro	Fundación ACIVEGA- AGALPI (Asociación Produtores Galiña Piñeira) Produción
Marcos Bonome Dopico	Central Galaica - Plantas y Especies Produción
Jesús Alberto Patiño Pizarro	Emprendedor en produción hortícola Produción
Sergio Boado Seoane	Granxas de Lousada (Horta e gandería ecolóxica) Produción
Judith García Andrade	La Huerta de la Almuzara (Horta Ecolóxica) Produción
Ivón Dúo Suárez	Revolta na Horta (Horta Ecolóxica) Produción
José Juan Rico Rodríguez	AFRUGAL (Asociación de Fruticultores de Galicia) Produción/Asociacionismo
José Francisco Castro Vilariño	Asociación Xedoreira Produción/Asociacionismo
M ^a Luísa Corredoira Rodríguez	Cooperativa EL PLANTEL Produción/Asociacionismo
Belén Matilla Cortes	Cooperativa LUTEGA Produción/Asociacionismo
Manolo Da Cunha Pereira	Panadería Da Cunha/Asociación Panadeiros Pan Carral Produción/Asociacionismo
Isabel López Chamorro	Finca Bouzón / Horta + Sá Produción/Comercialización
Lorenzo Bescansa Hernández	Adegas Lorenzo Bescansa (Viño da Terra de Betanzos) Produción/Transformación
José Luís Bouzón Beade	Casa Beade, S.L. (Viño da Terra de Betanzos) Produción/Transformación
Víctor Manuel Sánchez Vázquez	O lugar de Vilariño (Horta ecolóxica e queixos) Produción/Transformación
José Souto Martínez	Casa Sixto - Refuxios do Mandeo (Asoc. Turismo Sostible) Restauración/Asociacionismo

AXENTE	ENTIDADE <i>Sector</i>
Fernando Álvarez Senra	Helados Gael (xeados ecolóxicos) <i>Transformación</i>
E. Broder Fernández-Oboanza	Factoría Ecolóxica (xeados ecolóxicos) <i>Transformación</i>
Manuela Carrero López	Leiralonga (cociña e catering ecolóxico) <i>Transformación</i>
Débora Botana	Leiralonga (cociña e catering ecolóxico) <i>Transformación</i>
Paula / Celeste García Piñeiro	Meigamoura Marmeladas e Conservas SL <i>Transformación</i>
Ana Gallego Nuñez	<i>Emprendedora de Xeados</i> <i>Transformación</i>
Marta Alcalá - Zamora	Alumna Programa Integrado Biosfera-Emprega Emprendemento
Pablo López Calviño	Viveiro As Angustias Produción
Diego Miranda Barros	ADR Mariñas-Betanzos <i>Programa Integrado de Emprego</i>
Lucía Candal Gándara	ADR Mariñas-Betanzos Técnica Plan alimentario
Susana López Rodríguez	ADR Mariñas Betanzos Técnica Plan alimentario
Miguel Fernández Pardo	ADR Mariñas-Betanzos Técnico proxectos
Beatriz Suárez Sánchez	ADR Mariñas-Betanzos Técnica Plan alimentario